

Como estades? Espero que moi ben, cada vez mellor. Moito ánimo que imos avanzando entre todos.

### Para o luns 11/05/2020

Nesta ocasión imos traballar os reflexos e a coordinación. Podedes practicar en familia varios coma


- andar “á carretilla”,
- seguir ao rei: unha persoa vai facendo diferentes movementos sen avisar e os demais deben imitar eses movementos o máis rapidamente posible;
- mundo ao revés: unha persoa vai dicindo coa voz un movemento e os demais teñen que facer xusto o contraio. Para facelo máis complicado o guía pode, ademais de dicilo, facelo para tentar confundir;
- explotar pompas de xabón: lanzamos ao aire varias pompas de xabón e temos que explotalas antes de que o fagan por si mesmas. Outra variante sería tentar collelas sn que exploten durante o maior tempo posible. E nunha terceira podemos tentar mantelas flotando soprando con coidado.

Podes consultalos nesta páxina web:

<https://www.guiainfantil.com/ocio/juegos/17-juegos-en-casa-para-mejorar-reflejos-y-coordinacion-de-los-ninos/#header0>

### Para o mércores 13/05/2020

Nesta sesión propóñovos un pequeno proxecto que rematará no coñecido xogo “Twister”. Cunha tea vella, un papel moi grande ou unha caixa grande cartón podes facer unha superficie para poñer no chan e pintar sobre ela varios círculos de diferentes cores. Despois podes facer unha ruleta con cartón, pinturas e unha chincheta para poder elixir a cor e a parte do corpo (man ou pe dereito ou esquerdo). E a xogar!



Consulta as regras do xogo se non o coñeces nesta web:

<https://es.wikihow.com/jugar-Twister>

Veña, a poñerse as pilas e traballar un pouco, que pronto nos veremos e quero botarlle unha ollada ao que fixestes!